

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos EPI,s

Asine a entrega dos EPI,s recibidos.

Calquera aspecto que estime de interese sobre o tipo ou modelo de EPI, proceda a comunicalo a calquera das figuras seguintes:

- Responsable directo/a que leva a cabo a súa entrega.
- Delegados/as de Prevención de Riscos Laborais.

Asegúrese que o EPI se adapta perfectamente as súas características físicas. Se detecta calquera problema, proceda a comunicalo a calquera das figuras seguintes:

- Responsable directo/a que leva a cabo a súa entrega.
- Delegados/as de Prevención de Riscos Laborais.

Comunicar calquera nova necesidade, así como calquera necesidade de cambio, modificación, ou reposición dos EPI,s a calquera das figuras seguintes:

- Responsable directo/a que leva a cabo a súa entrega.
- Delegados/as de Prevención de Riscos Laborais.

	Nome	Data	Selo e Sinatura
<p><i>Elaborado por</i></p> <p>Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)</p>	<p>Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.</p>	05/04/2010	
<p><i>Revisado por</i></p> <p>Comité de Seguridade e Saúde (CSS)</p>	<p>José Manuel García Vázquez.</p>	21/09/2011	
<p><i>Aprobado por</i></p> <p>Xerencia</p>	<p>Manuel Fernández Jauregui.</p>	21/12/2011	

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos EPI,s

No momento en que se lle entregue o EPI, débesele informar sobre as seguintes cuestións:

- Aspectos, e características técnicas dos EPI,s.
- Tarefas nas que é obrigatoria a súa utilización.
- Explicación e graduación dos incumprimentos das faltas.
- Posibilidade, e modo de comunicar calquera cuestión referidas cos EPI,s.
- Atenderase a calquera aclaración que sexa oportuna.


No momento en que se lle entrega o EPI, débesele subministrar un folleto informativo que explicará de maneira clara as seguintes características:

- Niveis de protección que ofrece o EPI.
- Instrucións de almacenamento, uso, limpeza, mantemento, revisión, e desinfección.
- Este folleto deberá estar redactado na lingua oficial do Estado.

No momento en que se lle entrega o EPI, Esixiráselle que asine un documento-rexistro “DRPRL-20-01: Entrega de EPI,s” co que se evidencia que:

- Proporcionáronselle os EPI,s correspondentes en cada caso.
- Proporcionáronselle os folletos informativos dos EPI,s correspondentes en cada caso.
- Informóuselle sobre os aspectos referidos á xestión, uso, e condicións dos EPI,s correspondentes en cada caso.

Os EPI,s reunirán as seguintes condicións:

- Estar certificados, dispoñendo de Marca de Conformidade CE: 
- Proporcionarlle unha protección eficaz fronte aos riscos que motivan o seu uso, e non ocasionarlle riscos adicionais nin molestias innecesarias.
- Responder ás condicións existentes no seu lugar de traballo.
- Ser compatibles coa tarefa que realiza
- Ter en conta as súas condicións anatómicas, fisiolóxicas, e o estado da súa saúde.
- Adaptarse a vostede, tras os axustes necesarios.

Os EPI,s son de uso individual. Compartiranse só con outras persoas en casos excepcionais, que se lle deberán indicar de maneira expresa, xunto coas medidas específicas a tomar a este respecto.

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos EPI,s

É obriga dos traballadores/as:

- Coñecer e cumprir as indicacións do folleto informativo entregado co EPI.
- Revisar o adecuado estado dos EPI,s antes da súa utilización.
- Colocar e axustar os EPI,s correctamente, seguindo as instrucións do fabricante.
- Utilizar os EPI,s nas tarefas en que se teñan establecido, conforme ás indicacións recibidas.
- O uso dos EPI,s será individual. Compartiranse só nos casos excepcionais que de forma expresa se contemplan, establecéndose as medidas específicas a tomar en ditas circunstancias.
- Almacenar os EPI,s conforme ás indicacións recibidas.
- Realizar o mantemento dos EPI,s segundo as indicacións recibidas.
- Coñecer, e cumprir as indicacións de calquera documentación técnica (normas e fichas de PRL) entregada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo.
- Coñecer, e cumprir a sinalización existente nos centros de traballo, así como en calquera outro lugar nos que se desenvolvan os traballos.

Establécese a seguinte clasificación e graduación sobre incumprimentos referidos aos EPI,s:

Faltas Leves (amoestacións verbais e/ou por escrito):

- Pequenos descoidos na conservación do material.

Faltas Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente):

- A non utilización reiterada, por parte do traballador/a, dos EPI,s entregados, sen xustificación (investigarase o motivo do incumprimento para determinar se existisen problemas físicos ou de saúde que lle dificulten ou imposibiliten o uso de ditos EPI,s).
- Non advertir de forma inmediata aos responsables directos/as superiores de calquera anomalía ou defecto que se observe no EPI.
- A negligencia grave na conservación, limpeza ou almacenaxe dos EPI,s por parte do traballador/a.

Faltas Moi Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente):

- O incumprimento ou a non observación das normas de utilización, conservación, mantemento e almacenaxe dos EPI,s, cando poidan dar lugar a un accidente laboral grave.